



ANUNCIO

APROBACIÓN DE LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS, COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E CONVOCATORIA

PROCESO SELECTIVO: PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE VARIAS PRAZAS INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO CONCELLO DE VIMIANZO (LEI 20/2022), PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL. EXPTE. TEDeC: 2022/E001/000060

A Alcaldía con data 06-03-2023, ditou a Resolución 329/2023 que a continuación se transcribe:

“ANTECEDENTES

1.- A Oferta de Emprego Público Extraordinaria foi aprobada por Resolución de Alcaldía núm. 567/2022, do 10/05/2022 (Expte. TEDeC 2022/E001/000005), co fin de dar cumprimento ao establecido na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade do emprego público. Esta oferta foi publicada no BOP núm. 98, do 25/05/2022, e no DOG núm. 101, do 27/05/2022.

2.- Por acordo do Pleno municipal do 27/06/2022 foi aprobada a modificación do cadro de persoal (BOP núm. 128, do 07/07/2022) que recolle as prazas afectadas polo proceso de estabilización.

3.- Por providencia de Alcaldía do 03/11/2022 xustifícase o inicio deste expediente.

4.- Por Resolución de Alcaldía núm. 1597/2022 de data 19/12/2022 aprobáronse as bases específicas reguladoras do proceso selectivo para a provisión en propiedade de varias prazas incluídas na oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Vimianzo (Lei 20/2021), para a estabilización do emprego temporal. Expte. TEDeC: 2022/E001/000060. O texto íntegro das bases foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 242, de 23 de decembro de 2022. Nese texto recóllese a convocatoria das seguintes prazas:

Persoal laboral (sistema de acceso por concurso):

Denominación	Postos	Grupo	Xornada
Operario/a de limpeza	1	E	completa
Auxiliar electricista	2	C2	completa

Peón de limpeza viaria / xardins	2	E	completa
Operario/a PC- coordinador SE	1	C2	completa
Operario/a PC e Emergencias	1	E	completa
Animador/a deportivo/a	1	A2	completa
Auxiliar de cultura	1	C2	completa
Tractorista	1	E	completa

Persoal funcionario (sistema de acceso por concurso):

Denominación	Escala	Subesc	Grupo	Subgr.	Codigo	Núm
Técnico/a Urbanismo	Especial	Técnica	A	A2	AUF-02	1
Oficial albanelería	Especial	Servizos especiais	E		ALB-06	1

5.- Publicouse un anuncio sobre a convocatoria no DOG núm. 7 do 11/01/2023. O prazo abriuse coa publicación no BOE núm. 314 do 31/12/2023.

6.- Consta o informe de rexistro, con data do 09/02/2022, coa relación de persoas presentadas, conforme ao prazo de vinte días hábiles a contar desde o seguinte ao da publicación no BOE, segundo a redacción das bases.

7.- Tense en conta a Resolución de Alcaldía núm. 180/2023 de data do 08/02/2023, con anuncio publicado no BOP núm. 38, do 24/02/2023, que recolle o seguinte:

Primeiro.- Estimar parcialmente o recurso de reposición presentado por Cristina Pedrosa Leis, en representación do Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia (COLEF), con data do 20/01/2023, contra a Resolución de Alcaldía núm. 1624/2022 do 21/12/2022 pola que se aproban as bases reguladoras do proceso selectivo para a provisión en propiedade de varias prazas incluídas na oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Vimianzo (Lei 20/2021), publicadas no BOP núm. 242, do 23/12/2022.

Segundo.- Aprobar a corrección da base segunda no apartado terceiro e engadir que “a titulación esixida para acceder á cobertura da praza de animador deportivo será a de Licenciatura ou Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte ou equivalente”.



Terceiro.- Acordar que esta modificación ten efectos retroactivos, consérvanse os actos e trámites realizados no procedemento de selección, non se abre un novo prazo de presentación de solicitudes e aplicarase o criterio á listaxe de persoas candidatas a este posto que cumpran os requisitos de admisión no proceso.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

A base quinta, relativa á admisión de aspirantes, establece que a listaxe provisional se converte automaticamente en definitiva se, transcorrido o prazo, non se presentan reclamacións.

A base sexta establece a composición do tribunal cualificador.

A Alcaldía ten atribucións para aprobar esta resolución segundo o artigo 21.1. g) da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

En base ao anterior, RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos no proceso de selección segundo a seguinte relación:

A) Listaxe de persoas admitidas

Persoal laboal			
PRAZA	APELIDOS E NOME	DN*	EXPTE. TEDEC
Operario/a de limpeza	Herrero López, Carlos Alberto	***3530**	2022/E002/000177
Auxiliar electricista	Canosa Lago, Eloy	***1977**	2022/E002/000163
Auxiliar electricista	Lema Miñones, Javier	***2633**	2022/E002/000159 2022/E002/000171
Peón de limpeza viaria / xardins	Castro Arturo, José Manuel	***0828**	2022/E002/000172

Peón de limpeza viaria / xardins	Pose Calo, Santiago	***4830**	2022/E002/000158
Operario/a PC- coordinador SE	Fidalgo Pose, Manuel A.	***2530**	2022/E002/000162
Operario/a PC e Emerxencias	Rodríguez Rama, Manuel	***2054**	2022/E002/000157
Animador/a deportivo/a	Santos Vidal, Víctor M.	***2341**	2022/E002/000169
Auxiliar de cultura	Andújar Mouzo, Rocío	***2715**	2022/E002/000166
Tractorista	Pose Calo, Severino	***2055**	2022/E002/000164

Persoal funcionario			
PRAZA	APELIDOS E NOME	DNI*	EXPTE. TEDEC
Técnico/a Urbanismo	Abelleira Lence, Susana María	***0755**	2023/E002/000003
Técnico/a Urbanismo	González Ramos, Bielca	***0553**	2022/E002/000167
Técnico/a Urbanismo	Herrero Rincón González, Marta	***0920**	2023/E002/000002
Oficial albanelería	Pose Castro, Francisco	***9080**	2022/E002/000160

B) Listaxe de persoas excluídas

PRAZA DE PERSOAL LABORAL	APELIDOS E NOME	DNI*	EXPTE. TEDEC
--------------------------	-----------------	------	--------------



Operario/a PC e Emerxencias Vigo Barreiro, Adrián ***3687** 2023/E002/000001

Causas da exclusión:

- Non presenta solicitude normalizada.
- Non se admite o informe médico por ter máis de seis meses.
- Non presenta o xustificante de pago de taxas.

Segundo.- Aprobar que a listaxe provisional sexa a definitiva se, no prazo outorgado nas bases, non se presentan reclamacións que a alteren.

Terceiro.- Aprobar a composición do tribunal cualificador, segundo se indica a continuación:

Presidente: Evaristo Suárez Corzón, técnico de Desenvolvemento Rural do Concello de Vimianzo

Suplente: Francisco Javier Novoa Juiz, secretario xeral do Concello de Vimianzo

Secretaria: Rosa María Sánchez Martínez, técnica de Desenvolvemento Local do Concello de Vimianzo

Suplente: Ivanna Vidal Domínguez, TAX do Concello de Vimianzo

1º vocal: María Nieves Lema Vilariño, técnica de Cultura do Concello de Vimianzo

Suplente: Sandra Abeijón Romero, traballadora social do Concello de Vimianzo

2º Vogal: Emilio González Ramos, axente de Desenvolvemento Local do Concello de Camariñas

Suplente: Manuel Vicente Antelo Santos, tesoureiro do Concello de Vimianzo

3º vogal: Rosa María Varela Antelo, educadora familiar do Concello de Vimianzo

Suplente: Juan Carlos Santabaya Louzán, axente de Desenvolvemento Local do Concello de Cee.



Cuarto.- Convocar ao tribunal, de non producirse alteracións na listaxe, para o día 27/03/2023, ás 9:30 na Casa do Concello de Vimianzo para a constitución, a baremación de méritos e a realización da proba de galego ás seguintes persoas:

- Carlos Alberto Herrero López
- José Manuel Castro Arturo
- Santiago Pose Calo

[...]”

Vimianzo, 6 de marzo de 2023

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez